



## Concello de Vilalba

### CERTAME DE MICRORRELATOS DÍA DO LIBRO 2025

O Concello de Vilalba organiza un concurso de Microrrelatos que ten como obxectivo conmemorar o Día do Libro 2025 e asemade fomentar na poboación o achegamento á lectura literaria.

#### BASES

##### 1.Participación.

- Poderán concursar todas as persoas que o desexen, calquera que sexa a súa nacionalidade.
- Os menores de idade deberán acompañar o Microrrelato dunha autorización do pai, nai ou titor/a legal.

##### 2. Sobre os textos/ Microrrelatos.

- Os relatos deberán estar escritos en lingua galega, ser orixinais e inéditos feito do que se responsabilizará o/a autor/a do mesmo.
- O tema dos microrrelatos é libre e deberá conter, polo menos unha vez, a palabra “**libro**” no corpo do microrrelato.
- Cada participante poderá presentar un máximo dun microrrelato.
- As obras terán como máximo 100 palabras (título incluído).
- Os textos presentaranse co seguinte formato: docx, Arial, 12 puntos, interliñado 1,15.

##### 3. Normas sobre o envío de textos

Os microrrelatos enviaranse por correo electrónico ao seguinte enderezo do Concello de Vilalba: [cultura@vilalba.es](mailto:cultura@vilalba.es) e recibirán contestación da recepción do email.

b) No correo deberá figurar como asunto: Certame de microrrelatos. Infantil/Xuvenil/Adultos (a categoría que corresponda, as cales se detallan no punto 5), e acompañarase de dous documentos (A e B) en formato .docx.

- **Documento A.** Nomearase co Título do microrrelato e conterá o texto do microrrelato sen sinatura e baixo un pseudónimo (este pseudónimo no poderá ser un nome habitual de persoa aínda que non coincida co nome do autor/a para que non induza a confusión nin poida causar ningunha vulneración do anonimato da identidade das persoas que se presentan ao certame).

- **Documento B.** Nomearase do seguinte xeito: Título do microrrelato-Pseudónimo, e conterá os datos persoais da persoa concursante: nome e apelidos, enderezo postal, correo electrónico, teléfono e copia dixital do DNI.

c) No caso de que o/a concursante sexa menor de idade, xuntarase a maiores unha autorización asinada polo pai, a nai ou o/a titor/a legal cos seus datos correspondentes na que se indique que autorizan á participación e posterior publicación dos datos persoais dos menores, así como, á difusión dos microrrelatos e fotografías de ditos participantes coa única finalidade de darlle publicidade ó certame. Cada participante

## Concello de Vilalba

Plaza de la Constitución, 1, Vilalba. 27800 (Lugo). Tfno. 982510305. Fax: 982511815





## Concello de Vilalba

---

menor de idade entregará esta autorización debendo usar o modelo que aparece no ANEXO recollido a continuación das bases destes certame (en pdf editable).

d) Os relatos recibidos sen identificación ou con identificación incompleta quedarán automaticamente eliminados do concurso.

### 4. Período de presentación

O prazo para a presentación de textos estará aberto dende a data de publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo ata as 23:59 horas do **31 de maio** de 2025.

### 5. Categorías

Establécense tres categorías:

Infantil: ata 11 anos

Xuvenil: de 12 a 17 anos

Adultos/as: a partir dos 18 anos

### 6. Premios

a) Distribuiranse tres premios por cada unha das categorías

#### Infantil

- Primeiro premio: diploma, lote de libros e material escolar.
- Segundo premio: diploma e lote de libros.
- Terceiro premio: diploma e lote de libros.

#### Xuvenil

- Primeiro premio: diploma, lote de libros e un portátil.
- Segundo premio: diploma e lote de libros.
- Terceiro premio: diploma e lote de libros.

#### Persoas adultas

- Primeiro premio: diploma e 250 euros.
- Segundo premio: diploma e 150 euros.
- Terceiro premio: diploma e 100 euros.

b) Estes premios estarán suxeitos ás retencións fiscais establecidas na lexislación vixente

c) O financiamento dos premios farase con cargo á aplicación orzamentaria 334.48942

### 7. Xurado

a) O xurado estará composto por tres membros designados previamente e vencellados ao eido da cultura e da educación e presidido pola Concelleira de Cultura e actuando de secretario/a técnica/o de cultura. Terá facultades plenas para decidir as persoas gañadoras e a súa decisión será inapelable. Poderá declarar deserto algún dos premios se así o considera.

---

## Concello de Vilalba

Plaza de la Constitución, 1, Vilalba. 27800 (Lugo). Tfno. 982510305. Fax: 982511815





## Concello de Vilalba

---

A composición deste farase pública na páxina web <https://www.vilalba.gal/> e na Sede Electrónica do concello.

b) O xurado á hora de valorar, terá en conta os **seguintes criterios**, a calidade das obras presentadas, a orixinalidade temática e a calidade linguaxe expresiva.

O xurado reserva para si o dereito a non admitir aqueles microrrelatos que atenten contra os dereitos á intimidade, á honra e á propia imaxe de terceiros ou que conteñan, a modo enunciativo pero non limitativo, connotacións racistas, sexistas e/ou discriminatorias, comentarios obscenos, difamatorios ou calquera outros que atenten contra a dignidade e/ou a orde pública.

### 8. Comunicación do resultado do certame.

a) A decisión do xurado darase a coñecer o durante o **mes de xuño de 2025** a través das páxinas web das entidades convocantes, [www.vilalba.org](http://www.vilalba.org) e [www.culturaliagz.com](http://www.culturaliagz.com), e nas súas redes sociais. Debe advertirse que só se coñecerá a identidade dos participantes unha vez que o xurado teña tomado a súa deliberación final.

b) A organización fará publico a resolución do xurado do certame mediante a publicación da mesma na sede electrónica e no taboleiro de anuncios do concello de Vilalba.

### 9. Entrega de premios.

As persoas premiadas ou representantes das mesmas, serán citadas para asistir a un acto no que se fará entrega dos premios, e no que se dará lectura aos microrrelatos gañadores, sempre e cando sea posible a celebración do mesmo.

### 10. Publicación

a) A organización do certame publicará os microrrelatos gañadores nas súas páxinas web, [www.vilalba.org](http://www.vilalba.org) e [www.culturaliagz.com](http://www.culturaliagz.com), e resérvase o dereito a realizar a publicación dos microrrelatos gañadores nunha edición impresa a través da editorial correspondente despois da entrega de premios.

Coa participación neste certame, os/as responsables destes microrrelatos autorizan ó Concello de Vilalba e a Culturalia GZ á difusión dos mesmos e a do nome do seu creador/a na súa páxina web e/ou ou nos medios que consideren oportunos. No caso dos participantes menores de idade, achegarán a devandita autorización do pai, da nai ou do titor/a legal. A organización respectará, en todo caso, os dereitos morais que os/as autores/as posúan sobre as súas obras.

b) Os microrrelatos que non obteñen ningún tipo de premio, destruíranse unha vez rematado o certame.

### 11. Tratamento de datos persoais

Os datos persoais dos participantes, serán tratados con toda a rigorosidade que esixe a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, tratándose todos os seus datos de acordo aos dereitos establecidos no seu Título III e conforme ao mandato establecido na Constitución Española (art.18), relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos seus datos e ás restricións concernentes á circulación dos datos persoais achegados polos participantes á organización deste concurso literario.





## Concello de Vilalba

---

O Concello de Vilalba comprométese a tratar en todo momento os seus datos de carácter persoal de forma absolutamente confidencial e de acordo coas finalidades previstas nas presentes bases.

### 12. Observacións

- a) A organización do certame ten a capacidade de decidir sobre a interpretación das bases en última instancia ou sobre a súa modificación en caso de erro sendo a súa decisión inapelable.
- b) O certame poderá declararse deserto se os microrrelatos participantes non acadan a calidade necesaria, segundo o criterio do xurado.
- c) O feito de participar neste certame implica a total aceptación das súas bases.

En Vilalba, na data indicada na firma electrónica. A Concelleira de Cultura, Mónica González Fernández.

